



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se crea a Rede galega de locais de ensaio para a xuventude

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Barreiros e se aproba a ordenación urbanística provisional vixente ata a entrada en vigor do novo planeamento

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2007/2008

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Exalcohólicos Luís Miguel Morás da Coruña para o ano 2007
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcohología (ASVIDAL) para o ano 2007
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de As Burgas de Ourense, para o ano 2007



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con problemas psicosociais (ASPANEPS) para o ano 2007

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual contemplado na orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro.

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da asistencia técnica para a redacción dos proxectos, control e vixilancia das obras, incluíndo labores de seguridade e saúde correspondentes á construción dunha nova ponte sobre río da Groba na estrada PO-552, baixo a glorieta de Sabarís en Baiona, e reparación de dúas pontes nas inmediacións, dependentes desta Consellería, e dúas pontes novas no camiño de acceso á Granxa e no camiño de acceso a Pinzás, por unha contía aproximada de 122.160 euros.
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da asistencia técnica para a redacción do proxecto, control e vixilancia, seguridade e saúde das obras de emerxencia de sete pontes no concello de Dumbría, por unha contía aproximada de 36.000 euros.
- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta de declaración de emerxencia da asistencia técnica para o control e vixilancia das obras de emerxencia da substitución de ODT na autovía do Salnés, por unha contía aproximada de 28.000 euros.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Informe sobre a orde pola que se regula o rexistro público de demandantes de vivenda de protección oficial



A REDE GALEGA DE LOCAIS DE ENSAIO PARA A XUVENTUDE FACILITARÁ A CREACIÓN, ESTUDO E PROMOCIÓN MUSICAL DA MOCIDADE GALEGA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto de creación desta rede
- Estará integrada por locais de titularidade autonómica ou municipal perfectamente insonorizados e equipados con instrumentos de amplificación, nos que os grupos novos poderán ensaiar de xeito gratuíto

O Consello da Xunta, na súa xuntanza desta mañá, autorizou o decreto de creación da Rede Galega de Locais de Ensaio para a Xuventude, unha iniciativa impulsada pola Dirección Xeral de Xuventude dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar coa que se pretende potenciar e facilitar a creación, o estudo e a promoción musical dos mozos galegos, ao tempo que quere ser unha plataforma de encontro para a interacción cultural e o intercambio de experiencias musicais.

Trátase de ofertar locais de ensaio debidamente insonorizados e equipados con instrumentos de amplificación, nos que os grupos novos poderán ensaiar de xeito gratuíto. Deste xeito, poderanse superar os obstáculos con que se atopan os conxuntos, xa que os custos de equipamento e insonorización de tipo profesional son inasumibles para os mozos e mozas que comezan na música, implicando moitas veces conflitividade cos veciños e tamén dificultades para a gravación de maquetas que permitirían dar o salto ao mercado discográfico e á axenda de concertos, hándicaps que teñen condenado a moitos grupos galegos a desaparecer rapidamente.

Trátase con esta rede de dar resposta ás inquedanzas musicais dos mozos e mozas galegos, propiciando os medios necesarios para que a xuventude con inquedanzas musicais, ben individualmente ou ben formando grupos –en todo caso novos–, poidan contar con locais perfectamente acondicionados para os seus ensaios con acceso a medios técnicos profesionais. Así, preténdese tamén potenciar a creación e formación de grupos musicais, ao tempo que se quere impulsar unha enriquecedora cooperación entre os diferentes grupos a través da Rede.

Plataforma de difusión

Ademais, a Rede permitirá divulgar as iniciativas das entidades pertencentes a esta, contando tamén para isto cun portal en Internet que informará sobre a actividade dos distintos locais e onde se poderán publicitar os grupos, acceder a calendarios de concertos ou a cortes de música que se vaian gravando. A Rede de Locais de Ensaio para a Xuventude será, deste xeito, unha plataforma de difusión cultural.

Rede aberta

A Rede de Locais de Ensaio para a Xuventude constituirase coa participación e colaboración das corporacións locais, e a ela poderán adherirse os locais de ensaio do



país que reúnan unha serie de requisitos mínimos en canto á súa acústica, equipamento, seguridade e accesibilidade. Os locais adscritos poderán optar así ás liñas de axudas públicas que se convocarán cada ano. Deste xeito, a iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude ponse á cabeza de calquera experiencia deste tipo realizada ata o momento no Estado ou no resto de Europa, xa que neste caso é unha rede pública, integrada por locais de titularidade municipal ou autonómica, co que se garante o acceso gratuíto e en condicións de igualdade a estes recursos.

As entidades locais que estean interesadas en formar parte da rede deberán presentar a súa solicitude mediante un modelo normalizado e sempre tendo en conta que deben cumprir unha serie de requisitos. Así deberán estar preparados acusticamente e debidamente insonorizados; resultar idóneos para o fin que se van a destinar; contar co material adecuado, cumprir coas normativas en materia de seguridade, accesibilidade e eliminación de barreiras e contar cunha póliza de seguros de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnacións aos usuarios e os sinistros dos locais.

A previsión da Dirección Xeral de Xuventude é que ao rematar a lexislatura esta Rede estea integrada, como mínimo, por 30 locais de ensaio



A XUNTA SUSPENDE AS NORMAS DE PLANEAMENTO DE BARREIROS E APROBA UNHA ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROVISIONAL

- O planeamento agora suspendido consolidaba un modelo territorial de urbanización descontrolada no litoral e era incompatible coa preservación dos valores naturais e ambientais da zona
- As novas construcións non tiñan garantidas as infraestruturas (accesos,...) nin os servizos básicos (auga, electricidade,...) esixidos por lei
- Coa entrada en vigor da ordenación urbanística provisional, que sairá publicada no DOG nos vindeiros días, concluirá o bloqueo que pesaba sobre a concesión de licenzas.
- Esta resolución súmase aos dos concellos de Tui, Sada, Viveiro e A Estrada, tramitados nesta lexislatura e que xa contan cunhas normas provisionais ditadas pola Consellería que estarán en vigor mentres estes concellos non teñan un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se suspende a vixencia das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSPM) de Barreiros e se establece a ordenación urbanística provisional, que estará vixente ata a entrada en vigor dun futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que lle corresponde elaborar e tramitar ao Concello.

Co acordo adoptado hoxe polo Goberno galego conclúe o proceso aberto o pasado 16 de novembro, data na que a Consellería de Política Territorial iniciou o expediente para a suspensión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal deste concello lugués.

O inicio do expediente levou parella a paralización do procedemento para outorgar licenzas de edificación, demolición e parcelamento. Non obstante, coa entrada en vigor da ordenación urbanística provisional, que sairá publicada no DOG nos vindeiros días, concluirá o bloqueo que pesaba sobre a concesión de licenzas.

A CPTOPT considera que as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Barreiros agora suspendidas son incompatibles coa lexislación vixente en materia urbanística, é dicir, coa Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (máis coñecida como lei do solo), e coa Lei estatal 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións. A Consellería constatou, como feitos máis salientables, que neste concello lugués se está a producir un crecemento urbanístico desordenado e insostible ata o punto de que as novas construcións que se executan non teñen garantidas as infraestruturas (accesos,...) nin os servizos básicos (auga, electricidade,...) esixidos por lei.



Ademais, a pesar deste crecemento, o goberno municipal seguía aplicando unhas normas subsidiarias que non están adaptadas á actual normativa urbanística e nin sequera iniciou ningún proceso de revisión das normas agora paralizadas malia que xa pasou o prazo de tres anos establecido pola Lei do solo para adaptar os planeamentos dos concellos a esta nova lei.

O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta salienta que a execución das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSPM) eran incompatibles coa preservación dos valores naturais e cun desenvolvemento sostible do territorio. Tamén se explica que a clasificación e regulación de solo establecida nas normas vixentes ata o de agora en Barreiros (que datan de 1994) é obsoleta e non se adecúa á Lei 9/2002, razón pola que urxe a súa revisión e adaptación aos novos criterios establecidos legalmente.

Servizos insuficientes para atender a novos crecementos

As NSPM clasifican como solo urbano os núcleos de San Cosme, Benquerencia, San Miguel e Reinante, o que permite a edificación ao longo da estrada N-634, cuestión que, segundo a CPTOPT, “perpetúa un modelo territorial hoxe desfasado que converte as estradas en rúas”. Tamén se determina como solo urbano unha zona de importantes valores naturais lindante coa desembocadura da ría de Foz e co litoral Cantábrico que inclúe terreos situados dentro do ámbito do espazo natural “Ría de Foz-Masma”.

Ademais, moitos destes ámbitos clasificados como urbanos non reúnen os requisitos exixidos por lei como son o acceso por vía pública pavimentada, redes de saneamento e de depuración de augas residuais, ou ben, noutros casos, a rede existente de abastecemento de auga potable non ten o caudal e a potencia necesaria para a subministración ás edificacións construídas ao abeiro do planeamento vixente. Outra das eivas constatadas por Política Territorial é que a rede eléctrica actualmente existente no termo municipal non é suficiente para atender os novos crecementos, polo que sería necesario acometer novas infraestruturas.

Por outra parte, as normas suspendidas clasificaban como solo urbanizable non delimitado varios ámbitos ao longo da costa, moitos deles dentro dos 200 metros contados dende o límite interior da ribeira do mar e colindantes con espazos naturais.

Tampouco se especifican as previsións de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso públicos que, segundo a lexislación actual, non pode ser inferior a 15 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.

Así mesmo, o planeamento non distinguía entre solo urbano consolidado e non consolidado, e unha parte significativa dos terreos clasificados como solo urbano non



reunían as condicións establecidas na lexislación actual. Respecto destes solos, as normas subsidiarias prevían índices de edificabilidade que excedían os niveis de sustentabilidade permitidos.

Por estes motivos, Política Territorial sostén a necesidade de revisar na súa totalidade todas estas clasificacións, incluídas as condicións de uso e edificación de xeito que se garanta a preservación do contorno natural e paisaxístico no municipio de Barreiros.

A resolución do expediente urbanístico en Barreiros súmase aos dos concellos de Tui, Sada, Viveiro e A Estrada, tramitados nesta lexislatura e que xa contan cunhas normas provisionais ditadas pola Consellería que estarán en vigor mentres estes concellos non teñan un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.



A XUNTA APROBA A IMPLANTACIÓN DE 71 TÍTULOS DE POSGRAO NAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA O CURSO 2007/2008

- As tres institucións da Comunidade ofertarán un total de 52 títulos novos, que se suman aos 19 másteres que se imparten xa nas universidades galegas
- Destaca a autorización de 8 títulos interuniversitarios-intercomunitarios, nos que participarán universidades galegas con outras de fóra da Comunidade (5 másteres e 3 doutoramentos)

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso 2007/2008. Logo das propostas dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, dos informes dos Consellos de Goberno das respectivas universidades e do informe favorable do Consello Galego de Universidades, o Consello da Xunta aproba o decreto polo que se concede autorización para que se implanten nestas institucións estudos conducentes a másteres oficiais e doutoramentos. En concreto, ofertaranse nas tres universidades galegas un total de 71 títulos enmarcados nos Programas Oficiais de Posgrao para o curso 2007/2008. Destes, 52 son títulos novos, que se veñen sumar aos 19 másteres que se están impartindo nas universidades galegas este ano.

Dos 52 títulos novos, 10 son doutoramentos enmarcados nos Programas Oficiais de Posgrao que xa están funcionando este curso 2006/2007. Ademais, autorízanse 34 novos títulos enmarcados nos Programas Oficiais de Posgrao para o curso 2007/2008 (23 másteres e 11 doutoramentos). O Consello da Xunta tamén autorizou a implantación de 8 títulos interuniversitarios-intercomunitarios, nos que participarán universidades galegas con outras de fóra da Comunidade (5 másteres e 3 doutoramentos).

A construción dun Espazo Europeo de Educación Superior, organizado polos principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade, oríentase á consecución, entre outros obxectivos, dun sistema baseado fundamentalmente en dous niveis principais de ensino: grao e posgrao. Neste proceso de converxencia destaca a relevancia dos estudos europeos de posgrao como un dos principais elementos para reforzar a educación superior europea no contexto internacional e a acreditación dos estudos para asegurar un nivel de calidade adecuado.

A oferta de ensinanzas oficiais de posgrao ten que deseñarse co obxecto de atender fundamentalmente á demanda dos actuais titulados universitarios que desexen recibir unha especialización adicional ou formación investigadora e a de profesionais titulados universitarios que decidan actualizar os seus coñecementos e destrezas ou



modificar o seu perfil. Ao mesmo tempo ten que responder ás necesidades de Galicia cunha oferta coordinada, integrada e complementaria no SUG.

Os programas de posgrao que se van implantar están pensados nunha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro que responde ás necesidades socioeconómicas galegas, ás expectativas de formación dos alumnos e ás necesidades estruturais de funcionamento das universidades.

(Xúntase cadro cos novos títulos para o curso 2007/2008)

NOVOS TÍTULOS ENMARCADOS NOS PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO (POP) DO CURSO 2007/2008

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	TÍTULOS	UNIVERSIDADE
Dereito urbanístico e do medio ambiente	Máster en dereito urbanístico e do medio ambiente	UVI
Dereito	Máster en asesoramento xurídico empresarial. Esp. en dereito inmobiliario e da construción, dereito ambiental e dereito urbanístico	UDC
Educación, xénero e igualdade	Máster en educación, xénero e igualdade. Esp. En Investigación e deseño de programas de intervención educativa.	USC
	Doutoramento	
Economía e empresa	Máster en xestión e políticas públicas	UDC
	Doutoramento	
Desenvolvemento rexional e integración económica	Máster en desenvolvemento rexional e integración económica. Esp. en desenvolvemento rexional e integración económica	USC
	Doutoramento	



Lingua e usos profesionais	Máster en lingua e usos profesionais: español, galego e inglés	UDC
Saúde, discapacidade, dependencia e sociedade	Máster en intervención na discapacidade e na dependencia	UDC
	Doutoramento	
Intervención logopédica	Máster en intervención logopédica na infancia e na adolescencia	UDC
Ciencias da saúde	Máster en asistencia e investigación sanitaria: <ul style="list-style-type: none"> - Esp. avances en medicina clínica - Esp. reeducación funcional, autonomía persoal e calidade de vida - Esp. fundamentos de investigación biomédica 	UDC
	Doutoramento	
Enxeñaría marítima	Máster en enxeñaría marítima	UDC
	Doutoramento	
Enxeñaría industrial	Máster en enxeñaría e tecnoloxía industrial	UDC
Seguridade integral	Máster prevención de riscos laborais	UVI
Prevenção en riscos laborais e saúde medioambiental	Máster en prevención en riscos laborais e saúde medioambiental	USC
Rehabilitación arquitectónica	Máster en rehabilitación arquitectónica	UDC
Enerxía e sustentabilidade	Máster en enerxía e sustentabilidade	UVI
Enerxías renovables e sostibilidade enerxética	Máster en enerxías renovables e sostibilidade enerxética	USC
	Doutoramento	
Enxeñaría para o desenvolvemento Rural	Máster en enxeñaría para o medio rural	USC



Industrias lácteas	Máster en ciencia e tecnoloxía das industrias lácteas	USC
Química teórica e modelización computacional	Doutoramento	UVI
Ciencia e tecnoloxía ambiental	Máster en ciencia e tecnoloxía ambiental	UDC
Xestión e dirección laboral	Máster en xestión e dirección laboral: Esp. en seguridade social, xestión de recursos humanos, xestión sociolaboral	UVI, UDC, USC
Fotónica e tecnoloxías do láser	Máster en fotónica e tecnoloxías do Láser	UVI, UDC, USC
	Doutoramento	
Estadística e investigación operativa	Máster en técnicas estadísticas	USC, UDC, UVI
	Doutoramento	
Ciencia e tecnoloxía química	Máster en química avanzada (Transformación en interuniversitario incorporación UVI)	USC, UVI
	Doutoramento	



NOVOS TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS-INTERCOMUNITARIOS ENMARCADOS NOS PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO (POP) DO CURSO 2007/2008

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	TÍTULOS	UNIVERSIDADE
Lóxica e filosofía da ciencia	Máster en lóxica e filosofía da ciencia	USAL, UAM, USC, UVA, UCM, UV, ULL, UMA
	Doutoramento	
Ciencias da visión	Máster de investigación das ciencias da visión: - Esp. biomédica - Esp. Físico-óptica	UVA, USC, UM, U.Coimbra, UCM, UMH
	Doutoramento	
Tecnoloxías da información e comunicacións en sistemas de telecomunicación	Máster en tecnoloxías da información e comunicacións en redes móbiles	UNIZAR, UDC, UPV, UNIOVI, UNICAN
	Doutoramento	
Ciencia e tecnoloxía química	Máster interuniversitario en química orgánica	UB, UAM, UCM, USC
Química teórica e modelización computacional	Máster en "Theoretical chemistry and computational modelling"	UAM, UVI



DOUTORAMENTOS ENMARCADOS NOS PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO (POP) DO CURSO 2006/2007

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	TÍTULOS	UNIVERSIDADE
Xerontoloxía	Doutoramento	USC, UDC
Neurociencia	Doutoramento	USC, UDC, UVI
Estudos de xénero	Doutoramento	UVI
Historia contemporánea	Doutoramento	UAM, USC, UAB, UIMP
Urbanismo: plans e proxectos do Territorio á cidade	Doutoramento	UDC
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	Doutoramento	UVI
Enxeñaría biotecnolóxica	Doutoramento	USC
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	Doutoramento	USC, UDC, UVI
Física aplicada	Doutoramento	UVI, UDC
Química ambiental e fundamental	Doutoramento	UDC



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE FINANCIARÁ, CON 570.100 EUROS, A TRES ASOCIACIÓNS PARA DESENVOLVER PROGRAMAS DE REINSERCIÓN DE PACIENTES CON DEPENDENCIA

- A asociación de exalcohólicos Luis Miguel Morás da Coruña recibe un importe de 196.259 euros; a asociación viguesa de Alcoholoxía (Asvidal), 202.390 euros; e a das Burgas de Ourense, 171.460 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de cadanseu convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e tres asociacións para o desenvolvemento de programas de asistencia e reinserción psicococial de pacientes con problemas de dependencia relacionada co alcohol, tabaco, xogo, ou outras dependencias sen substancia.

O importe total destes convenios para o 2007 ascende a 570.100 euros. Así, a asociación de Exhalcohólicos Luis Miguel Morás da Coruña recibirá a cantidade de 196.259 euros; a Asociación viguesa de Alcoholoxía (Asvidal), 202.390 euros; e a Asociación das Burgas de Ourense, un total de 171.460 euros.

No ámbito da atención específica a esta problemática, estas asociacións sen ánimo de lucro están a desenvolver un acreditado traballo de calidade a todos os niveis, tanto o preventivo, como o asistencial e rehabilitador.

A actividade deste convenio abrangue a asistencia directa a través de primeiras consultas, avaliación diagnóstica, psicoterapias, revisión e seguimento, rehabilitación e reinserción. Asesorarán sanitaria e psicosocialmente aos pacientes e familiares afectados.

Estas entidades ofrecerán información e derivarán á rede asistencial aqueles casos que así o precisen; e incluírán entre os seus obxectivos tamén o seguimento e apoio continuado aos programas sanitarios e psicosociais dirixidos a todo o colectivo de afectados e ás súas familias.

A asistencia será prestada en todos os casos polo persoal titulado do equipo técnico das asociacións, que estará formado como mínimo por un psiquiatra ou médico con experiencia e formación neste eido, un psicólogo, e un traballador social.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA 176.450 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SAÚDE MENTAL INFANTOXUVENIL NA ÁREA DE FERROL

- Para a aplicación deste, asínase un convenio coa Asociación de Pais de Nenos con problemas psicosociais (Aspaneps)

O Servizo Galego de Saúde investirá un total de 176.450 euros para a realización do programa de saúde mental infantojuvenil na área de Ferrol, durante o ano 2007. Para o seu desenvolvemento, a Sanidade pública galega asina un convenio de colaboración coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps).

O Plan Estratéxico de Saúde Mental 2006-2011 supón un marco normativo que fixa as liñas a seguir, e contempla como o desenvolvemento dos dispositivos de saúde mental se complementan en áreas específicas para dar unha resposta máis completa ás necesidades asistenciais.

Na área de saúde de Ferrol, a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais está a desenvolver dende 1990 un programa integrado de atención á saúde mental que representa un importante labor de atención a esta problemática na poboación infantil. Ademais conta co equipo técnico necesario para dar resposta á demanda asistencial que se produza neste sector específicos.

A través deste convenio Aspaneps atenderá toda a demanda que se xere respectando os principios de universalidade e gratuidade. A asistencia directa inclúe primeiras consultas, avaliación diagnóstica, psicoterapias, revisión e seguimento, rehabilitación e reinserción. Xunto con isto, apoio e asesoramento a institucións relacionadas co menor e institucións escolares; e información e derivación á rede asistencial no caso que se precise.



PESCA INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS EN PROXECTOS DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN SOCIOCULTURAL NO SECTOR PESQUEIRO

- As subvencións que se concedan irán destinadas á realización de actividades de formación, a actuacións sobre o ambiente e o patrimonio marítimo, así como a iniciativas culturais vencelladas ao mar
- Con esta medida preténdese contribuír á dinamización e revitalización destas organizacións e das comunidades nas que se ubican

O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual para a concesión de axudas destinadas á realización de actuacións de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades e o sector pesqueiro. O gasto que recolle o departamento de Pesca para estas iniciativas ascende a un total de 1.165.000 euros que se repartirán en dúas anualidades, 715.000 euros no 2007 e 450.000 euros no 2008. Con este desembolso os proxectos que saian seleccionados recibirán unha axuda proporcional ao importe solicitado.

A Consellería de Pesca quere con esta medida incentivar a realización de proxectos de promoción sociocultural vencellados ao mar con finalidade formativa, turística, ambiental, cultural, social ou de recuperación de valores ou tradicións por parte de pescadores artesanais ou das súas asociacións, entidades do sector e das comunidades de pescadores. Deste xeito, poderase contribuír á dinamización e revitalización destas organizacións e das comunidades nas que se ubican. De feito, dentro das políticas da Consellería destaca a do desenvolvemento do litoral galego mediante actuacións innovadoras de carácter sociocultural e como complemento daquelas accións de tipo máis produtivo.

Poderán beneficiarse destas axudas entidades do sector pesqueiro tales como confrarías, organizacións de produtores ou asociacións profesionais e entidades socioculturais que presenten un proxecto deste tipo. Ademais, as iniciativas que propoñan estas organizacións deberán cumprir unha serie de requisitos, terán que ser proxectos de nova creación, cun orzamento non inferior aos 15.000 euros nin superior aos 96.000 euros, cun prazo de execución que non supere os 18 meses e cuxo ámbito territorial de execución non exceda ao da comunidade autónoma galega.

Por outra parte, e dentro destas axudas, serán subvencionables os gastos que teñan que ver coa contratación de persoal cualificado ou contratación de servizos, o investimento en inmovilizado ou os gastos de convocatorias, premios ou de apoio ao voluntariado que se deriven do proxecto, entre outros. As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou nas



súas delegacións territoriais, no prazo de 60 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.



POLÍTICA TERRITORIAL DÁ CONTA DA CONTRATACIÓN DE DIVERSOS PROXECTOS E TRABALLOS DE VIXILANCIA DAS OBRAS DE EMERXENCIA EN ESTRADAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA POR IMPORTE DE 186.000 EUROS

- Trátase de infraestruturas afectadas polas choivas de outubro e novembro

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de diversas contratacións realizadas para afrontar a reparación das estradas da Coruña e Pontevedra afectadas polas choivas de outubro e novembro. A CPTOPT dedicou 186.160 euros a contratar asistencias técnicas que se encargaron de tarefas como a redacción de estudos e proxectos de obra, a vixilancia e control dos traballos ou a supervisión da seguridade e saúde destes.

Estas asistencias técnicas de emerxencia das que se deu conta hoxe foron necesarias para acometer as reparacións das pontes de Dumbría (A Coruña) e Sabarís (en Baiona, Pontevedra) así como as substitución dos tubos de drenaxe deteriorados da Vía do Salnés. Estes 186.000 euros engádense aos fondos dedicados ás propias obras de emerxencia nas estradas tanto autonómicas como municipais das que se veñen dando conta nas últimas reunións do Consello da Xunta.



A XUNTA PORÁ EN MARCHA NOS PRÓXIMOS DÍAS O REXISTRO ÚNICO DE DEMANDANTES DE VIVENDA PROTEXIDA

- A Consellería de Vivenda e Solo contará con esta ferramenta para coñecer, de xeito rigoroso, a demanda real de vivenda a prezo taxado en Galicia
- A través deste sistema haberá unha maior transparencia na adxudicación das vivendas cofinanciadas con fondos públicos e evitar así os fraudes na compravenda
- Deberán inscribirse no rexistro todas as persoas ou unidades familiares que desexen adquirir unha vivenda protexida

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Vivenda sobre a inmediata posta en marcha do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida. Os obxectivos deste rexistro son ter un coñecemento rigoroso da demanda de vivenda protexida en Galicia, transparentar a adxudicación deste tipo de vivendas cofinanciadas con fondos públicos e evitar calquera fraude na compravenda.

Deberán inscribirse no Rexistro todas as persoas ou unidades familiares que desexen adquirir unha vivenda protexida, sexa en réxime de compra ou de aluguer. Por unidade familiar enténdense os cónxuxes non separados. Tamén se fai extensiva esta denominación ás parellas que leven convivindo maritalmente polo menos un ano e que o acrediten por medio da inscrición no rexistro municipal. No caso de teren fillos en común abondará con acreditar a convivencia. Esta inscrición terá unha vixencia de catro anos que serán renovables con sucesivas inscricións ata que o demandante obteña a vivenda que necesita.

A inscrición será necesaria para o demandante de vivenda, quen entrará no listado da Consellería de Vivenda e poderá así participar nas diferentes promocións. Por cada promoción de vivendas protexidas realizarase un sorteo ante notario entre os demandantes do Rexistro cuxas solicitudes de vivenda coincida coas características dos pisos que se cualifican como protexidos pola Consellería.

O DOG publicará nos próximos días a orde coas características do Rexistro, a partir dese momento entrará en vigor e poderán formalizarse as solicitudes na sede da Consellería de Vivenda e Solo en Santiago, nas delegacións provinciais, en calquera portelo único da Xunta, nos concellos, ou por correo postal. Tamén se poderá descargar o impreso oficial de solicitude na páxina web www.conselleriavivenda.xunta.es, que despois deberá presentarse nun rexistro oficial. Se o solicitante cumpre os requisitos, recibirá de inmediato, por medio de correo ordinario, a credencial de que figura no Rexistro.



O Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida será unha ferramenta útil e eficaz coa que a Consellería de Vivenda e Solo obterá información detallada sobre a demanda real de vivenda a prezo taxado e o tipo de vivenda máis solicitada. Tamén será útil para os promotores na medida en que coñecerán a demanda real en cada municipio e poderán minimizar o risco do seu investimento.